Ourense 10 abril 56

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo:

Alá vai, xa era tempiño, ise comentario e lembranza pondaliáns de tantos anos. Quixera ter notas ou xiquera referencia de unha disertación mais vella feita por min sobre o bardo no círculo republicán de Ourense, de abondo dinantes da República... Fai uns días - debeu ser o luns - falei ca sua rapaza en Sant Yago. Eu agora volto pra Trasalba. Iste ano están mais calmas e fermosas as xestas brancas dos coto. Penso ser o discurso de García Sabell na academia o millor ensaio psico-lóxico escrito deica hoxe na Galiza.

Saúdas de Fita pra Vdes e meus respetos a sua dona.

Apreixas do vello amigo

Ramón Otero Pedrayo

1155-2